

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de xuño de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez

NON ASISTEN:

D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(731).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(732).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO FINAL DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS DA CIDADE (LER 200307). EXPTE. 4153/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 25.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 21.06.13, conformado polo concelleiro de Limpeza e a concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a prórroga bianual para o periodo comprendido entre o 01 de xullo do 2013 ao 30 de xuño do 2015, do Contrato de Xestión do servizo de tratamento final dos residuos voluminosos (LER200307) da cidade de Vigo do que é actual contratista a U.- T.E. Toca Salgado S.L.- Xiloga S.L.

Aceptar o ofrecemento da empresa adxudicataria, de manter para o primeiro ano da prórroga do contrato (xullo 2013 a xuño 2014), un prezo unitario igual ao do inicio do contrato que foron sen IVE 113,94 euros por Tonelada de lixo tratada, renunciando a percibir o importe da diferenza que resultara das dúas primeiras revisións de prezos ás que ten dereito, a primeira xa aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de maio do 2013, e a segunda que devengará a partir do día 1 de xullo do 2013.

Consonte co ofrecemento antedito e cos antecedentes desta proposta, o importe do primeiro ano da prórroga estímase do seguinte xeito:

1.825 toneladas*113,94=207.940,5 euros sen iva

ao que aplicando o tipo vixente do imposto sobre o valor engadido (10%) resulta un prezo total de 228.734,55 €, que deberá imputarse á partida 1620..2270017 "Outros Verquidos e tratamentos do lixo" do vixente orzamento municipal de acordo coa seguinte distribución: 114.367,275 euros (IVE 10% engadido) nos meses de xullo a decembro do ano 2013, e a mesma cantidade nos meses de xaneiro a xuño do ano 2014.

3(733).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CMATI PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL NO PARQUE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA. EXPTE. 9510/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 27.06.13, asinado polo xefe de Medio Ambiente, a xefa de Xuventude e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar, ao abeiro da Orde de 16 de maio de 2013 da CMATI pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións públicas con cargo aos orzamentos xerais do estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e se convocan para o exercicio orzamentario de 2013 (DOG 7/05/2013), a concesión dunha subvención para a organización de actividades de conservación e restauración do patrimonio natural no dito Parque Nacional, conforme a memoria realizada polos Servizo de Medio Ambiente Xuventude en data do 26 de xuño de 2013.

SEGUNDO.- Facultar á Concelleira de Medio Ambiente e Xuventude para subscribir a solicitude da subvención en representación do Concello de Vigo.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.